



PROGRAMA DE MEDIACIÓN ESCOLAR DO CEIP PARGA PONDAL

Que é a mediación?

É unha maneira de afrontar os conflitos baseado no diálogo e na cooperación, que se apoia en persoas neutrais que median no proceso.

En que consiste a mediación entre iguais?

Os mozos e mozas resollen os seus problemas entre si, apoiados por compañeiros/as formados como mediadores/as, que os guían no proceso de resolución do seu conflito.

Quen pode solicitar a mediación?

Calquera membro da Comunidade Educativa que necesite resolver un conflito de forma pacífica coa axuda dun proceso de mediación.

Os principios da Mediación son:

VOLUNTARIA, as partes en conflito deben querer participar da mediación. Podemos recomendala, non impoñela.

CONFIDENCIAL, o proceso do conflito só o coñecido polas partes e o equipo de mediación. A orientadora será a coordinadora do servizo.

REQUIRE DUN COMPROMISO, as partes comprométen-se a levar a cabo determinadas condutas e actitudes que resolverán a súa situación, chegando a un compromiso.

É NEUTRAL E NON AXUIZA, resólvese o conflito; non se axuiza ás persoas, SÓ pretende apoiar a procura de solucións.

Como é o proceso?

1. Échese as solicitudes que se atopan no buzón de mediación que hai ao lado do despacho de orientación., e deposítase no mesmo. Este pode ser demandado por:

- O alumnado en conflito, por unha parte ou polas dúas;
- O alumnado en xeral, que detecte unha situación de conflito;
- O profesorado que observe conflitos e recomende a Mediación ao alumnado;
- Calquera membro da Comunidade Educativa que observe algún conflito;
- As familias que coñezan conflitos entre os seus fillos/as e outros/as compañeiros/as.

2. A orientadora presenta o conflito ao equipo de mediadores e escóllese unha parella de mediadores/as.

3. En horario de Mediación, acóllense ás partes, ás veces por separado.

4. Escóitase activamente que pensan do problema cada un e promoven a empatía e o achegamento de puntos de vista.

5. Realízanse preguntas co fin de que reflexionen as partes en conflito.

6. Chegan as partes, en conflito, a un acordo e a un compromiso asinado.

7. Ás dúas semanas revísase o cumprimento do acordo.



COMO SOLICITAR A MEDIACIÓN?

Onde?: no buzón de mediación, mediante o profesorado ou a orientadora.

Horario: luns, mércores e venres de 11.45 a 12.15 horas.

Lugar: a aula de mediación é a que está entre o despacho da orientadora e o despacho do equipo directivo.

A orientadora reunirse co equipo de mediación e establecerán día e hora para a mediación.

O equipo de mediación poñerase en contacto coas persoas a mediar.

Se tes preocupacións, a
mediación dache
solucións.

A violencia non arranxa
nada, a mediación si.

Gasta as túas enerxías
resolvendo problemas e
non creando conflitos.

A mediación é a
solución.

5º axuda, 5º media...



Departamento de Orientación do
CEIP Plurilingüe do I. Parça Pondal

Concello de  Oleiros

